

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

CENTRO: IES MUGARDOS

CURSO: 1º ESO

MATERIA: Valores éticos

DEPARTAMENTO: Departamento de Filosofía

DATA: 04/05/2020

Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Saber definir o termo dignidade e valorar, a través de exemplos, actos morais.	Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral".
Redactar unha lista argumentada dos valores éticos desexables para integrar na súa personalidade.	Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección.
Saber definir "intelixencia emocional" e recoñecer as súas características a partir de exemplos dados.	Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.
Reflexionar a partir de exemplos da vida real sobre as emocións e os sentimentos.	Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral.
Recoñecer e analizar, partindo de modelos, as virtudes éticas.	Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras.
Analizar o comportamento humano nos seres máis próximos para explicar o feito social e a súa repercusión na vida persoal e moral.	Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.
Presentar traballos telemáticos onde se razoe os valores éticos que deben guiar ás persoas.	Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, una presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema.
Reflexionar e argumentar, a partir de exemplos extraídos da propia experiencia do alumnado, as diferenzas entre a conducta animal e a	Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as

humana, destacando o compoñente de liberdade único dos seres racionais.	consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
Analizar e recoñecer o valor das institucións que traballan polo cumprimento dos dereitos humanos.	Indaga sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Observación do traballo telemático do alumnado. ● Análise das producións dos alumnos. ● Probas específicas centradas na recuperación, repaso e reforzo do visto durante o curso presencial. ● Intercambios orais e escritos cos alumnos. ● Rubrica dos diferentes niveles de logro.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Rexistro persoal. ● Recollida telemática das actividades. ● Gravacións de lecturas e exposicións. ● Cuestionarios telemáticos de resposta escrita: elección múltiple, verdadeiro ou falso, correspondencias, textos incompletos... ● Probas de ensaio escrito. ● Probas de libro aberto: preguntas extensas para contestar con todo o material de apoio dispoñible.
Cualificación final	<p>Sumarase á nota media das dúas primeiras avaliaciós un máximo de dous puntos obtidos polo traballo da terceira avaliación, repartidos do seguinte modo: Un punto pola entrega das tarefas. Ata un punto pola correcta factura das actividades de acordo cos estándares específicos traballados.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Aqueles alumnos que non superasen a avaliación ordinaria da materia, examínanse do temario correspondente ao curso presencial 2019-2020.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>A única alumna pendente xa ten superada a materia.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades interactivas da plataforma EVA do proxecto EDIXGAL. - Cuestionarios de resposta escrita: a) ensaios e b) probas obxectivas (cuestionarios telemáticos de Google); - Monografías de investigación; - Conmemoracións de efemérides, p. Ex “O Día da Terra” [Dada a inestabilidade da situación actual, non somos quen de detallar un plan específico e secuenciado de actividades. Non sabemos canto tempo vai durar o estado de alarma nen cal será a nosa disponibilidad de medios, nen a dos nosos alumnos; nen sequera ao máis curto prazo].
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>O profesor e máis os alumnos empregan o Espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA) do proxecto EDIXGAL Por medio da súa interface, profesor e alumnos se manteñen en contacto directo.</p> <p>O profesor entrega:</p> <ol style="list-style-type: none"> a. apuntes, actividades e solucións a ditas actividades en formato doc e pdf. b. vídeos feitos por él mesmo explicando os apuntes e as actividades. c. mensaxería EDIXGAL en caso de dúbidas particulares. <p>O ritmo de traballo é o do curso presencial (1 sesión semanal).</p> <p>Os prazos de entrega das tarefas son unicamente orientativos. As dúbidas e consultas dos alumnos son resoltas empregando:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) Os correos electrónicos b) A mensaxería Edixgal c) A mensaxería Abalar <p>Todo o alumnado ten conectividade, pero no caso de que alguén a perda, os concellos de Mugardos e Ares e Protección Civil brindáronse a</p> <p>levar até as casas as tarefas impresas e a facerlle chegar ao profesor as respostas dos alumnos.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes e actividades elaborados polo profesor. • Vídeos explicativos elaborados polo profesor. • Vídeos seleccionados de youtube. • Documentos textuais seleccionados polo profesor (fragmentos de obras literarias, artigos de periódico...) • Material gráfico seleccionado polo profesor (mapas, gráficas, fotografías, carteis publicitarios...) • Dicionarios e enciclopedias online.

4. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA) do proxecto EDIXGAL. Medio de comunicación xa ordinario durante o curso.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Espazo Abalar. - Web do profesor: https://palabras-palabras-palabras.webnode.es/ - O seguintes enderezos electrónicos dos profesores: <ul style="list-style-type: none"> olgarecio00@gmail.com poncela@edu.xunta.es e profesordelenguacast@gmail.com
<p>Publicidade</p>	<p>Páxina web do instituto: https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/</p>